



*Revista Galega  
do Ensino*

*Ano 13 • 2ª época • Nº 46 • Xullo 2005*

# *Normas de colaboración*

---

*RGE*

# IDENTIDADE E NORMAS DE COLABORACIÓN

## REVISTA GALEGA DO ENSINO

### 1. IDENTIDADE DA REVISTA GALEGA DO ENSINO

#### 1.1. CONTIDOS

A *RGE* publica tres números ao ano, con carácter **cuadrimestral**, nos meses de marzo, xullo e novembro.

A *RGE* publica traballos sobre **investigación, desenvolvemento, difusión, avaliación e control** de calquera estado de cousas, acontecementos, accións e recursos vinculados ao ámbito educativo.

A *RGE* orienta a edición ao **coñecemento da educación** en calquera das súas áreas disciplinares e ao desenvolvemento profesional das funcións pedagóxicas.

A *RGE* aceptará traballos de **teoría, tecnoloxía, investigación activa e práctica** adaptados ás diversas seccións de cada número.

#### 1.2. SECCIÓNS

A *RGE* contempla as seguintes *seccións* en cada número:

**Colaboracións especiais:** Son artigos de especialistas de recoñecido prestixio no seu ámbito, que desenvolven a súa actividade en universidades e centros de investigación, aos que a *RGE* les encarga unha colaboración nun tema de investigación de especial interese e actualidade, co fin de sistematizar os avances, recuperar o adquirido ou abrir novas vías de investigación (20 a 30 folios).

**Estudos e investigacións:** Son artigos que contribúen a explicar, interpretar, comprender ou transformar a realidade educativa, os sistemas educativos e a intervención pedagóxica como resultado do estudo sistemático, a análise científica e a realización de proxectos (15 a 20 folios).

**Informes e experiencias pedagóxicas:** Son traballos descritivos arredor da realización dunha actividade propia do exercicio dunha función pedagóxica ou da elaboración, desenvolvemento e resultado dun programa de intervención, ou da creación, execución e seguimento dunha directiva de política educativa ou do resultado de sesións científicas e profesionais (10 a 15 folios).

**Teses:** A *RGE* publica, neste apartado, unha síntese, realizada polo doutorando arredor do traballo de investigación sobre educación presentado para a obtención do grao de doutor, sempre que fose cualificada con sobresaliente (5 a 10 folios).

**Recensións:** A *RGE* publicará recensións de libros cuxa temática teña interese para a investigación pedagóxica, o coñecemento da realidade educativa e o desenvolvemento profesional, sempre que limiten a extensión a 5 folios como máximo.

**Noticias:** Entenderanse como noticias as que informen sobre actividades, investigación, educación e ensino. Poderán anunciarse congresos, cursos, certames, bolsas, actos culturais, etc., nacionais e

internacionais, sempre que sexa coa anticipación debida e non resulten desfasadas no momento da aparición da *RGE*.

## 2. NORMAS PARA COLABORACIÓNS

### 2.1. PRESENTACIÓN E REVISIÓN DE ORIXINAIS

Os traballos deberán ser orixinais, inéditos e non estar en proceso de revisión por parte doutras revistas.

Os traballos redactados con claridade expositiva, precisión terminolóxica e corrección lingüística presentaranse en DIN-A4 e enviaranse aos enderezos de correo electrónico: [revista.galega.ensino@edu.xunta.es](mailto:revista.galega.ensino@edu.xunta.es) ou de correo postal:

Secretaría da *Revista Galega do Ensino*  
Consellería de Educación  
Dirección Xeral de Política Lingüística  
Edificio Administrativo San Caetano  
15704 Santiago de Compostela.

Entregaranse **2 exemplares do manuscrito**, acompañados dunha copia en soporte informático (Word). Nun dos exemplares omitiranse os datos de identificación do autor, para poder someter o texto ao proceso de revisión e avaliación.

Os traballos irán encabezados polo **título** e o **nome**, os **apelidos** e a **filiación do autor ou autores** (que en ningún caso poderán ser máis de 3). O nome e os apelidos irán en negriña e a filiación en texto normal. Ambos os datos irán en liñas distintas con aliñamento á dereita. Os traballos seguirán as especificacións establecidas nestas Normas para cada colaboración.

Os traballos presentados para publicar nas *Seccións de Colaboracións Especiais e Estudos e Investigacións* entrega-

ránse acompañados de **resumos en castelán e inglés**. A súa extensión non superará as 15 liñas. Cada resumo irá encabezado coa **tradución do título** e acompañarase dun apartado de **palabras clave** arredor do contido do artigo nos mesmos idiomas (máximo 6 palabras clave). Os autores dos artigos publicados baixo a forma de colaboracións especiais e estudos e investigacións recibirán un exemplar da *RGE* e 15 separatas do artigo. Os traballos destas seccións, unha vez aceptados para a súa publicación, entregaranse tamén en castelán, coa finalidade de conformar a versión correspondente.

Atendendo aos obxectivos de difusión científica, os traballos que se presenten para a súa publicación na *Sección de Teses* axustaranse no texto-resumo aos apartados de introdución, obxectivos da tese, estrutura e metodoloxía da tese, desenvolvemento do contido e resultados-conclusiones. O texto irá precedido dos seguintes datos identificadores: Título; Autor; Cualificación; Ano de defensa pública; Universidade.

Os traballos que se presenten para a súa publicación na *Sección de Recensións* farán referencia fundamentalmente ao contido conceptual da obra recensionada, ao tratamento do tema e ao seu interese desde o punto de vista do desenvolvemento profesional e do avance do coñecemento. As recensións irán precedidas dos seguintes datos de identificación: Autor; Ano de publicación; Título; Lugar de edición; Editorial.

Cada recensión acabará co nome e apelidos do autor da recensión e a súa filiación profesional.

Os traballos que se presenten para a publicación na *Sección de Informes e*

*Experiencias Pedagógicas* acompañarán o seu texto cun resumo de 10 liñas e 6 palabras clave como máximo.

**Todos os colaboradores** da *RGE* recibirán 1 exemplar do número no que se publica a súa colaboración e deberán entregar, como colaboradores, un **breve currículo**, cuxa extensión non será superior a 15 liñas, acompañado dos seus datos de enderezo postal, correo electrónico e teléfono de contacto.

A *RGE* someterá todos os traballos a informe de consultores na modalidade de revisión anónima, por esta causa, nunha das copias requiridas non figurarán nin datos persoais, nin calquera outro que poida indicar a autoría. As **avaliacións** atenderán a criterios de relevancia, adecuación ás normas de publicación, actualidade do traballo e alcance das conclusións.

Nun prazo máximo de seis meses, notificarase a aceptación do traballo. Se procede e este é aceptado, devolveráselles aos autores para que o revisen de acordo coas indicacións do Comité de Redacción da *RGE*.

O envío de orixinais á *RGE* supoñerá a aceptación destas normas. Os orixinais non serán devoltos.

## 2.2. NORMAS DE REDACCIÓN PARA ARTIGOS

A *RGE* seguirá a normativa oficial do idioma galego e reserva a súa capacidade de traducir e adaptar os textos ao galego no servizo de tradución. O Comité de Redacción da *RGE* reserva para si a facultade de introducir as modificacións que estime oportunas nos traballos, en aplicación das Normas de Colaboración.

### 2.2.1. TÍTULOS

**Letra:** Arial Black.

**Título xeral (Título 1):** MAIÚSCULAS, 13 puntos, negriña, centrado.

**Epígrafes ou capítulos do traballo (Título 2):** MAIÚSCULAS, 11 puntos, negriña, numerados en arábigo, seguido de punto (exemplo: 1.) xustificado.

**Subepígrafes (Título 3):** minúsculas, xustificadas, 11 puntos, negriña. Numeradas correlativamente á da epígrafe, en arábigo e seguidas de punto (exemplo: 3.1). **Título 4** (Arial Black, 9 xustificadas, minúsculas sen negriña). **Título 5** (Arial Black, 9 minúsculas, sen negriña).

**Separación de títulos, epígrafes e subepígrafes:** 12 puntos por riba e 6 con respecto ao parágrafo seguinte.

### 2.2.2. PARÁGRAFOS

**Texto:** Times New Roman, 11 puntos. Xustificado

**Interliñado:** sinxelo

**Distancia entre parágrafos:** sinxela

**Primeira liña de parágrafo:** sangrada a 1,25

**Apartados que non constitúen epígrafes:** nas clasificacións internas dentro das epígrafes ou na xeración de apartados que non constitúen epígrafes ou subepígrafes non se usarán números; empregaranse letras, seguidas de parénteses, ou ben guiños ou puntos ou viñetas, ou texto subliñado, ou equivalentes: Exemplo: divisións internas; a); -a ; -; etcétera.

**Observación xeral: non se usará negriña no texto do parágrafo. Pode usarse cursiva e subliñado.**

### 2.2.3. BIBLIOGRAFÍA

- A denominación Bibliografía procesase como epígrafe e numérase correlativa-

mente en arábigo coma as demais epígrafes. Colocarase ao final do traballo e por orde alfabética. Evitaranse as citas bibliográficas a pé de páxina. Todo libro mencionado no texto debe estar reflectido na bibliografía. Procurarase que a bibliografía non supere as 3 páxinas.

**Cada referencia utiliza sangría francesa** a 1,25 en Times New Roman, a 10 puntos. Cada referencia bibliográfica adaptarse, ademais, ás seguintes especificacións:

. **Libros:** APELIDOS DO AUTOR, INICIAL do nome. Coordinador, editor, director da obra, segundo proceda, abreviado e entre parénteses (Ed./Coord./Dir./Comp.) (ano) *Título do libro*. Cidade, Editorial. 9ª ed.

. **Revistas:** APELIDOS DO AUTOR, INICIAL do nome. (ano) Título do artigo. *Título da revista* (volume da revista en arábigo: número da revista en arábigo) páxinas en arábigo. Exemplo: *Revista Galega do Ensino* (13: 45) 141-172.

. **Capítulos de libros ou artigos de enciclopedias:** APELIDOS DO AUTOR, INICIAL do nome. (ano) Título do artigo ou capítulo (páxinas en arábigo do capítulo). En APELIDOS DO EDITOR, INICIAL do nome. Coordinador, editor, director de obra, segundo proceda, abreviado e entre parénteses (Ed./Coord./Dir./Comp.) *Título da obra*. Cidade, Editorial. 2ª ed.

. Cando o traballo referenciado corresponda a máis de tres autores, citarase por VARIOS.

#### 2.2.4. CITAS E NOTAS

**Non se poden facer citas textuais ou bibliográficas a pé de páxina.**

#### CITAS TEXTUAIS

As de menos de cinco liñas irán en texto seguido e entre comiñas. A continuación da cita, os datos de identificación da mesma entre parénteses (López, 2000, p. 15).

As de máis de cinco liñas sangraranse pola esquerda en todas as liñas a tres puntos. Despois do texto engádesse, entre parénteses, a identificación de autor, ano e páxina (López, 2000, p. 17).

#### CITAS NON TEXTUAIS

Faranse no texto escrito do parágrafo, indicando despois da cita e a modo de peche do parágrafo, entre parénteses, apelido e ano de publicación (López, 2000).

Se se inclúen na mesma cita referencias de varios autores, colocaranse un a continuación do outro separados por punto e coma (Pérez, 1980; López, 2001).

Se se inclúen varios traballos dun mesmo autor publicados no mesmo ano, distinguiranse coas letras a, b, c... , sucesivamente (Pérez, 1998a, 1998b, 1998c).

Se se inclúen varios traballos do mesmo autor e anos distintos, poñerase o apelido do autor, seguido de todos os anos das publicacións, separados por comas (Pérez, 1998a, 1999, 2000).

#### NOTAS A PÉ DE PÁXINA

Enumeraranse de forma sucesiva e recompilaranse en páxina á parte, baixo o título de "NOTAS". Usarase, como na bibliografía, Times New Roman 10, interliñado sinxelo e sangría francesa. O apartado de notas, numerado correlativamente as epígrafes, colócase, cando exista, despois do apartado de bibliografía.

**Non haberá chamadas de asterisco.**

As notas a pé de páxina non terán carácter de cita bibliográfica e, no caso de que sexa

necesario facer referencia bibliográfica, seguirase o sistema determinado para citas non textuais.

### 2.2.5. TÁBOAS, FIGURAS, GRÁFICOS E CADROS

As táboas, figuras, gráficos e cadros levarán o seu título e enumeraranse dentro de cada categoría correlativamente en arábigo, segundo proceda, coa denominación xenérica numerada seguida do título (táboa 1, 2, 3; figura 1, 2... ; etcétera e o título correspondente).

Cada cadro, táboa, gráfico ou figura numerada, levará deseguido e en liña á parte o seu propio título. Tanto o título, como a identificación xenérica do cadro non formarán parte do cadro mesmo. A denominación xenérica e o número escribiranse en Times New Roman, **negriña**, 11 (exemplo: **Táboa 1**). O título do cadro ou figura, etc., escribirase en Times New Roman, 11,  *cursiva* (exemplo: *Distribución de Poboación*). A disposición da denominación xenérica, título e contido da táboa será a de “texto centrado”.

Fóra do contido do cadro e na parte inferior, inserirase a fonte en negriña e centrada, seguida de dous puntos e a identificación da referencia bibliográfica dunha cita textual. **Fonte:** Pérez, 2004, p. 14.

Os cadros, figuras, gráficos e táboas irán intercalados no texto no lugar que corresponde e ancorados, co fin de que non se destrúa o formato cando se manipule o texto.

A maiores, e co obxecto de facilitar o proceso de impresión, os cadros, figuras, gráficos e táboas remitiranse en folla á parte e en soporte electrónico, preferentemente en Freehand Illustrator ou Excel.

### 2.3. NORMAS PARTICULARES PARA RESUMOS DE TESES

**Texto:** Times New Roman, 11. Interlineado sinxelo. Xustificado. Distancia entre parágrafos, sinxela.

**Epígrafes:** Numerados en arábigo, seguidos de punto. Times New Roman, 11. Maiúsculas. Distancia anterior, 12 e posterior, 6.

**Cabeceira:** O texto irá precedido dos seguintes apartados identificadores en Times New Roman, 11:

**Título da Tese (Negriña):** *Texto do título*, en cursiva

**Autor (Negriña):** APELIDOS (en maiúscula), Nome (en minúscula)

**Cualificación (Negriña):** En letra

**Ano de defensa (Negriña):** En número

**Universidade (Negriña):** En letra

### 2.4. NORMAS PARTICULARES PARA RECENSIÓNS

**Texto:** Times New Roman, 11. Interlineado sinxelo. Xustificado. Distancia entre parágrafos, sinxela.

**Epígrafes:** Numerados en arábigo, seguidos de punto. Times New Roman, 11. Maiúsculas. Distancia anterior, 12 e posterior, 6.

**Cabeceira:** O texto irá precedido dos seguintes apartados identificadores en Times New Roman, 11:

**Autor (Negriña):** APELIDOS (en maiúscula), Nome (en minúscula)

**Ano de Edición (Negriña):** En número

**Título do libro (Negriña):** *Texto do título*, en cursiva

**Lugar de Edición (Negriña):** En letra

**Editorial (Negriña):** En letra